

A Asociación de Balnearios de Galicia celebrou a súa Asemblea Xeral esta tarde na Cidade da Cultura, en Santiago, coa presenza do seu presidente, **Antonio Garaloces**, director do Balneario de Lugo. No transcurso da sesión fíxose un repaso ás actividades realizadas durante o ano 2014 e tratáronse os diferentes proxectos que se van levar a cabo ao longo deste exercicio para poñer en valor o sector termal galego no eido nacional e tamén no mercado internacional. A Asociación naceu en 1985 e na actualidade está integrada por un total de 19 balnearios das catro provincias.